3. Observa-la aplicación das habilidades básicas en distintas situacións de iniciación deportiva.
4. Observa-la utilización dos recursos de expresión do corpo para comunicar ideas,sentimentos e estados de ánimo.

5. Observar se os alumnos son capaces de relaciona-la práctica de exercicio e a mellora da saúde como ben individual e social.
6. Observar se son capaces de respecta-las regras grupais do xogo.
7. Valora-la utilización de estratexias no desenvolvemento do xogo.

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

# V. Atención á diversidade

## V. a. VALORACIÓN INICIAL E VÍAS DE ACTUACIÓN

Con obxecto de establecer un proxecto curricular que se axusta á realidade dos nosos alumnos e alumnas acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

- ✓ **Qué valorar**
    - Rendemento do alumno na etapa anterior.
    - Personalidade.
    - Afecciones interese.
    - Situación económica e cultural da familia.
    - Etc.

- ✓ **Cómo obter a información:**
    - Informes de titores anteriores.
    - Cuestionario previo ós alumnos.
    - Entrevista individual.
    - Cuestionario ós pais.
    - Entrevista cos pais.
    - Etc.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de desposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos e alumnas.
Consideramos **adaptacións curriculares** os cambios que se produzan no currículo co fin de atender ás diferencias individuais dos nosos alumnos. O equipo ou o profesor, ó establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estrategia a seguir como as características do alumno ou alumna que poidan axudar ou entorpecer a estrategia: en qué agrupamentos traballa mellor, qué tempo permanece concentrado, a qué reforzos é receptivo, qué autoconcepto ten, etc.
Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de desposta das situacións de distinta naturaza que imos atopar:

- ✓ **Adaptacións curriculares non significativas.**
- ✓ **Adaptacións curriculares significativas.**

## V. b. ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS

Aconséllase usalas cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes. As caracaterísticas fundamentais deste tipo de medidas son as seguintes:

- Non precisan dunha organización moi diferente á habitual.
- Non afectan ós compoñentes prescriptivos do currículo.

Ainda que en cada unha das áreas se aplicarán de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferencais individuais dos

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

nosos alumnos e alumnas, quixemos establecer no noso Proxecto Curricular unha serie de pautas ou directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado e que sirvan para unificar as actuacións de cada profesor ou profesora.

✓ **Programación de contidos e actividades**

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe coma ós diverxentes entereses e motivacións dos alumnos.

- **Contidos**

  Dentro do conxunto de conceptos, procedementos e actitudes que asignamos para a aprendizaxe por parte dos alumnos a cada área e curso. Estableceremos una diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, en primeriro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser aprendidos por todos para conseguir os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e necesidades de cada alumno.

- **Actividades**

  As actividades organizaranse por categorías en función da distinta finalidade. Por un lado contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación de aqueles aprendizaxes que consideramos básicos; para isto, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa asequibilidade media que caracteriza á información esencial. Por outro lado, deseñaremos outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

✓ **Metodoloxías diversas**

O mellor método de ensinanza para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. É dicir, os métodos nons on mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previso detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.
- Etc.

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

✓ **Material didáctico complementario**

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensinanza- aprendizaxe ás diferencias individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

- Consolidar contidos para os que a adquisición por parte dos alumnos e alumnas supón unha maior dificultade.
- Ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas ós contidos de cada área.
- Enriquecer o coñecemento de aqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos amosan curiosidade e interese.

✓ **Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes**

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite o seguinte:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propoñer actividades de reforza ou afondamento segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introducción de novos contidos.

Este tipo de adaptacións require dunha reflexión sobre dous aspectos:

- As aprendizaxes básicas e imprescindibles para seguir progresando.
- A incorporación dunha avaliación que detecte as necesidades de cada grupo.

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

## V. c. ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Consisiten básicamente na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos esenciais e a conseguinte modificación dos criterior de avaliación.

✓ **Destinatarios**

Estas adapatacións lévanse a cabo para ofrecerlles un currículo equilibrado e relevante ós alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, contémplase tanto a aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, como ós que posúen un historial escolar e social que produciu "lagoas" que impiden a adquisición de novos contidos e, á súa vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

✓ **Finalidade**

Tenderán a que os alumnos adquiran as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último ha de ser proporcionarlle a

cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, procurando que esa resposta se afaste o menos posible das que son comúns para tódolos alumnos.

✓ **Avaliación e diagnóstico previo**

O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o Departamento de Orientación.

**<u>CONDICIÓNS PARA UNHA ATENCIÓN EFECTIVA</u>**

A integración dos alumnos con necesidades educativos especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles gracias ás seguintes medidas articuladas no centro:

✓ **A cualificación do profesorado e a importancia da acción titorial**

O profesorado do centro posúe a predisposición , a sensibilidade e a formación necesarias para asumir a tarefa de colaborar co Departamento de Orientación e asumir as súas directrices.

✓ **A metodoloxía**

O centro parte da constatación de que os alumnos con dificultades de aprendizaxe aprenden, básicamente, da mesma forma que o resto. É dicir, os axustes metodolóxicos van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a tódolos alumnos.
Non obstante, convén pór énfase na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, a metodoloxía activa e a globalización. Dentro deste contexto metodolóxico fíxanse unha serie de medidas especialmente beneficiosas:

- O traballo en pequeño grupo.
- As visitas e saídas ó medio.
- O uso do ordenador e de diversidade de materiais e recursos.

✓ **Espacios**

Para favorecer o proceso de integración- normalización e para crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluidas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico.
- Posibilidade de modificar a aula e de crear máis dun espacio.
- Disposición axeitada do mobiliario e coidado das condicións ambientais (acústica, visibilidade, …).
- Supresión de barreiras arquitectónicas.

✓ **Técnicas**

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades precisarán tempos máis prolongados (obradoiros, saídas, etc.) e outras, máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

# VI. Orientación e titoría

## VI. a. PRESENTACIÓN XERAL

De forma xeral, a orientación educativa ten esta serie de características:

- ✓ A orientación como proceso dinámico integrado na actividade educativa, presente en tódalas actividades do centro. O profesor/a non pode prescindir das características psicolóxicas, familiares e sociais do alumno/a, dos seus intereses, necesidades, da relación que establece cos seus alumnos e alumnas, …
- ✓ Organizada en forma sistemática ó longo do sistema educativo. Iníciase ó principio do proceso escolar e non se interrumpe ata rematar o neno ou a nena a súa formación profesional, incluída a transición á vida activa.
- ✓ Como obxectivo último está a orientación do alumno/a. Os orientadores son os mellor situados para coñecer a visión personalizadota do alumno/a en canto a gustos e inquietudes.
- ✓ Para o adecuado funcionamento da orientación debe haber unha fluida relación entre os profesores/as do curso e o titor/a, entre o Departamento de Orientación do centro e entre o equipo interdisciplinar.

O conxunto de actividades, intervencións e programas que comprende a orientación agrúpase en tres eixes ou funcións básicas:

- ❖ **A acción orientadora**

Comprende a actividade incluída no proceso educativo e na que interveñen, por tanto, tódolos educadores do centro. Os tres momentos de intervención son: ó inicio da etapa educativa, ó final da etapa e ó longo do proceso educativo. Ten un carácter fundamentalmente preventivo.

- ❖ **A acción de apoio**

Comprende a actividade realizada polos profesores e profesoras especialistas en problemas de aprendizaxe, e polos logopedas, dirixida a algúns alumnos/as de forma directa e a través do titor/a ou profesor/a. Pódese concretar en actividades de recuperación ou de reeducacion das aprendizajes dalgúns alumnos; na preparación de materiais ou instrumentos para as actividades de ensinanza do profesor/a e na colaboración no proceso de avaliación a través de técnicas especializadas, así como nas adaptacións curriculares dos alumnos e alumnas. Ten un carácter compensador.

- ❖ **A acción de asesoramento**

Comprende a actividade realizada polo orientador/a e, ás veces, por outros especialistas dos órganos colexiados do centro, no profesorado e nos pais e nais. Esta actividade pode estar fixada no seu traballo habitual ou ben cando se lle solicita.

Ademáis, nesta área intégrase o programa de tutorías para Primaria, dirixido ó alumnado, ó profesorado e ós pais e nais, baseado nos seguintes obxectivos:

C. E. I. P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

- *Orientación persoal*:
  Potenciar o autoconcepto e a capacidade de crítica, coñecer e atender problemas en estreita colaboración coas familias …

- *Orientación interpersonal:*

  Fomentar as relacións, as dinámicas de grupo e o traballo en equipo tanto de alumnos e alumnas como de pais e nais, promover contactos entre o equipo educativo e o grupo de pais e nais.
- *Orientación académica:*
  Informar a pais e nais da programación do curso, obxectivos xerais …, ofrecer técnicas de aprendizaxe, integrar o grupo no proceso de avaliación …

## VI. b. FUNCIÓNS DO TITOR/A

Algunhas das funcións do titor/a dun grupo de alumnos de Educación Primaria son as seguintes:

- ✓ Facilitar a integración dos alumnos e alumnas no seu grupo- clase e no conxunto da dinámica escolar.
- ✓ Contrubuír á personalización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- ✓ Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades especiais, co obxecto de artellar as despostas educativas axeitadas e demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios.
- ✓ Coordinar a información sobre os alumnos que teñen os distintos profesores, coordinar o proceso avaliador dos alumnos e asesorar sobre a promoción dun ciclo a outro.
- ✓ Fomentar no grupo de alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas no medio socio cultural e natural.
- ✓ Favorecer no alumno o coñecemento e aceptación de si mesmo, así como a autoestima, cando esta se vexa diminuída por fracasos escolares ou doutro xénero.
- ✓ Coordinar cos demais profesores o axuste das programacións o grupo de alumnos, especialmente no referentes ás despostas educativas ante necesidades especiais e/ou de apoio.
- ✓ Contrubuír a desenvolver liñas comúns de acción con outros titores no marco do proxecto educativo do centro.
- ✓ Contribuír ó establecemento de relacións fluídas cos pais e nais, que faciliten a conexión entre o centro e as familias.
- ✓ Implicar ós pais en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- ✓ Informar ós pais de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos sus fillos.
- ✓ Mediar con coñecemento de causa en posibles situacións de conflicto entre alumnos e profesores e informar debidamente ás familias.

C. E. I. P. Prácticas de Ourense
programacións didácticas

- ✓ Canalizar a participación das entidades públicas ou privadas que colaboran nos procesos de escolarización e de atención educativa a aqueles alumnos que proceden de contextos sociais ou culturais marxinados.

## VI. c. ACTIVIDADES DO TITOR/A

Algunhas actividades prioritarias do titor/a son as seguintes:

- ✓ Ter entrevistas individuais con alumnos cando estes o precisen.
- ✓ Organizar actividades de “acollida” a principio de curso para os alumnos que chegan ó centro por primeira vez.
- ✓ Falar o principio de curso co alumnado sobre os seus dereitos e deberes, sobre as normas de réxime interior e disciplina do centro, e informar tamén sobre o funcionamento deste.
- ✓ Explicarlle as funcións e tarefas que el mesmo ten como profesor titor do grupo, dándolle a oportunidade de participar na proposta e programación de actividades.
- ✓ Analizar co resto do profesorado as dificultades escolares dos alumnos debidas a deficiencias instrumentais, problemas de integración e outros, e buscar, se procede, os asesoramentos e apoios necesarios.
- ✓ Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do centro e no medio: elección de representantes, festas e excursións, actividades culturais e extraescolares, etc.
- ✓ Realizar actividades que amosen á comunidade a diversidade existente na mesma desde un punto de vista social, cultural e étnico, e que resalten a importancia de integrar a todos sen excepción na dinámica escolar.
- ✓ Concertar co equipo educativo un plan de acción titorial para todo o curso, tratando de precisar o grao e modo de implicación do profesorado e tamén os aspectos que de forma específica e prioritaria atenderá o titor/a.
- ✓ Transmitirlles ós profesores todas aquelas informacións sobre o alumnado que poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- ✓ Preparar, coordinar e moderar as sesións de avaliación procurando que o seu desenvolvemento se axuste ós principios da avaliación continua, formativa e orientadora que se propugna para tódalas fases do proceso avaliador.
- ✓ Establecer canles de colaboración cos demais titores, especialmente cos do mesmo curso ou ciclo, á hora de marcar e revisar obxectivos, preparar actividades, elaborar materiais de apoio e coordinar o uso dos medios e recursos dispoñibles.
- ✓ Procurar a colaboración dos pais e nais en relación co traballo persoal dos seus fillos: organización do tempo de estudio na casa, lugar axeitado, necesidade de tempo libre e descanso, etc.
- ✓ Preparar visitas a empresas, servicios, lugares de ocio, etc, coa colabroración dos pais.
- ✓ Coordinar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para os pais con miras á educación dos seus fillos.

C. F. I. P. PRÁCTICAS de Ourense
programacións didácticas

- ✓ Ter entrevistas individuais cos pais, cando eles as soliciten ou o titor/a as considere necesarias, procurando axudar a descargar a ansiedade ante os problemas escolares dos seus fillos e buscando unha valoración máis global e unha actitude máis activa e responsable ante a situación.
- ✓ Ter reunións cos pais ó longo do curso. Os momentos máis oportunos poden ser ó comezo e final de curso, pero tamén, desde logo, nalgún momento cara á metade do mesmo. Estas reunións servirán para intercambiar información e analizar con eles o proceso educativo dos seus fillos.

## VI. d. FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTEO DE ORIENTACIÓN

Algunhas das función do orientador/a en Educación Primaria son as seguintes:

**COS ALUMNOS**

- ✓ Potenciar a orientación a tódolos alumnos, a cada un de acordo coas súas características e necesidades propias.
- ✓ Contribuir ó desenvolvemento de capacidades xerais: aprender a pensar, aprender a aprender, mellora da inteligencia, etc.
- ✓ Contribuir á dimensión moral e cívica da educación e, en xeral, ó desenvolvemento dos eixes de contido transversais ó currículo.
- ✓ Contribuir ó desenvolvemento nos alumnos de actitudes e comportamentos persoais e sociais positivos.
- ✓ Colaborar co resto do profesorado e coas familias no afrontamento de problemas de conducta cando cheguen a presentarse.
- ✓ Colaborar co resto do profesorado para anticiparse á aparición de problemas generalizados de aprendizaxe.
- ✓ Realizar a avaliación psicopedagógica previa.

C.E.I.P. Prácticas de Ourense
Programacións didácticas

**O CENTRO E O PROFESORADO**

- ✓ Colaborar na elaboración e no desenvolvemento do Proxecto Curricular e da programación xeral anual do centro.
- ✓ Asesorar técnicamente ós órganos directivos en materia de intervención psicopedagógica especializada, programas de desenvolvemento individual, reforzos ou apoios necesitados por determinados alumnos e criterios de avaliación de alumnos.
- ✓ Asesorar e apoiar ó profesorado no desempeño da función titorial, así como en materia de organización, agrupamento e dinámica de grupos.
- ✓ Facilitarlles ós profesores a utilización de técnicas específicas instruccionais relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudio, programas de ensinar a pensar.

- ✓ Axudarlos igualmente na posta en práctica de técnicas de relacións humanas, dinámica de xestión de grupos, entrevista de asesoramento, liderado, etc.
- ✓ Colaborar co profesorado na prevención e na pronta detección de problemas ou dificultades educativas, de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.
- ✓ Asesorar ós profesores para a realización dunha avaliación continua e integradora.

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

## VII. Temas transversais

Os **temas transversais** preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento acecta á globalidade do mesmo; non se trata, así pois, dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, estudiados dentro de lingua, coñecemento do medio, etc. A aprendizaxe significativa, que se establece semrpe desde a realidade inmediata do alumno, propicia ademais esta forma de abordar os temas transversais, dado que a mesma situació contextual que introduce os coñecementos dunha área serve de base a estes outros contidos.
Entre os temas transversais que teñen unha presencia máis relevante nos materiais deste ciclo destacamos os seguintes:

- ✓ **Educación moral e cívica.**

Preséntanse contextos nos que os alumnos e alumnas se ven obrigados a xulgar e jerarquizar valores. En tódalas actividades colectivas, manifèstase unha valoración positiva da participación, o intercambio de puntos de vista, o respecto ás opinións e regras, etc. A metodología axeitada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e os modos de edcucación na aula.

- ✓ **Educación para a paz.**

O obxectivo é que o neno comprenda que a construcción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflictos cotiáns, moitas veces u odio entre os pobos é froito do descoñecemento e a falta de comunicación, e a mellor maneira de superar estes problemas é o diálogo.
As diferencias culturais entre os distintos pobos son un rico patrimonio que hai que coñecer para valorar a tódalas persoas por igual. O neno debe achegarse ó coñecemento doutras realidades, coa finalidade de respectar os costumes e formas de vidad que alí se manifestan.

- ✓ **Educación para a saúde.**

O coñecemento do propio corpo é a base para introducir algúns conceptos básicos de saúde e higiene que deben traducirse en hábitos e manterse durante toda a vida da persoa.

- ✓ **Educación sexual.**

Concíbese como existencia natural da formación integral da persoa. O obxectivo é coñecer os cambios corporais que aparecen co crecemento e que diferencian físicamente ós dous sexos.

- ✓ **Educación ambiental.**

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do medio e no desenvolvemento dunha actitude favorable á protección e conservación do medio inmediato.

C. E. I. P. Prácticas de Ourense
Programacións didácticas

- **Educación vial.**

O obxectivo é capacitar ó neno na súa faceta de peón autónomo e posible conductor de bicicletas. Para isto sirven como eixes de globalización as unidades referidas ó medio social: a rúa, a cidade, os pobos ...
Establécense coñecementos sobre os elementos e signos viais, e foméntanse outros de tipo conductual que lles permiten a adquisición de hábitos precisos para se desenvolveren en situacións concretas. Ademais, aténdese ó coñecemento das redes e infraestructuras de transporte , facendo partícipe ó neno das pautas de actuación no uso de calquera dos medios de transporte, privados ou colectivos.

- **Educación do consumidor.**

A educación para o consumo responsable comeza con reflexións sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (a roupa, a comida, o transporte, etc) e aquilo do que poden prescindir fácilmente. O aproveitamento de elementos que se consideran de refugo proporcionan experiencias que desenvolven nos nenos e nenas os hábitos axeitados de utilización dos recursos que teñen ó seu alcance .

- **Educación non sexista**.

Preséntase á muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola coma no do traballo e noutros cotiáns. Por outra parte, utilízase unha linguaxe coeducativo.

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

**OBXECTIVOS**

- Identificar e aceptar a propia identidade e desenvolver a autoestima, a afectividade e a autonomía persoal na vida cotiá, nas relacións de cada alumno ou alumna coas demasis persoas e como integrante dos grupos sociais en que participa.
- Amosar actitudes contrarias á violencia, aos estereoptipos (de xéneto, lingúísticos, relixiosos, culturais, físicos …) e aos prexuizos, sendo quen de defender os propios puntos de vista mediante o diálogo e a argumentación.
- Desenvolver e facer uso de habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con progresiva seguridade e autonomía na vida cotiá e para participar activamente nas relacións de grupo, amosando actitudes compresivas, cooperativas, xenerosas e construtivas e sendo quen de autorregular emoción se condutas.
- Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, obrar de acordo cone las asumíndoas como propias e participar activamente na elaboración das normas do centro educativo (da aula, relativas ao uso de instalacións e materiais, nos regulamentos de actividades, etc.)
- Utilizar estrategias de resolución pacífica dos conflictos dende ó diálogo e a mediación.
- Recoñecer e valorar a diversidade (de xénero, física, cultural, lingüística, étnica, relixiosa, etc) como feito enriquecedor, valorar a contribución de cada quen ao enriquecemento dun grupo, amosar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e de poboacións distintas á propia e esforzarse por contribuir á mellora das relacións, interesándose por compartir espazos, tempos, actividades, materiais, experiencias, etc.
- Coñecer, asumir e valorar os dereitos e deberes que como neno ou nena lle corresponden ao alumnado e os que lle corresponderan como persoa adulta, manexar os documentos onde están recollidos e interesarse polas iniciativas que os defenden, participando, se existir a posibilidade, nalgunha delas.
- Coñecer os mecanismos fundamentáis de funcionamento das sociedades democráticas, fundamentalmente nos ámbitos máis próximos á realidade do alumnado, valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e a obriga dos cidadáns e das cidadás de contribuír aso seu mantemento mediante a asunción dos seus deberes e compromisos sociais.
- Fomentar iniciativas de participación democrática e responsable no propio centro, asumindo os papeis que correspondan en función da situación e participando, tamén activamente, en acitividades fóra do centro.

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

- □ Identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, de inxustiza e de discriminación, na vida cotiá do alumnado e noutras realidades e amosar sensibilidade polas necesidades das persoas e dos grupos máis desfavorecidos, desenvolvendo comportamentos solidarios e favorecedores da convivencia e participando, na medida das súas posibilidades, en iniciativas que buscan cambiar estas situacións.
- □ Ser capaz de analizar a situación do medio natural no contorno próximo, tomar conciencia da situación a niveis máis amplos, recoñecer a incidencia das propias accións no seu coidado ou no seu deterioro, desenvolver acitudes comprometidas para a súa conservación e mellora e asumir comportamentos (vida saudable, consumo responsable, seguridade …) que contribúan á sustentabilidade.

**<u>COMPETENCIAS BÁSICAS</u>**

**Competencia social e cidadá**

- Propiciar a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática
- Reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal
- Favorecer o espritu crítico para axudar á construcción de proxectos persoais da vida
- Impulsar vínculos persoais basados en sentimentos
- Afrontar as situacións de conflicto, ao propor a utilización sistemética do diálogo
- Coñecer os principios contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Convivencia dos Dereitos do Neno e a Constitución Española
- Coñecer os fundamentos e modos de organización das osciedades democráticas
- Interiorizar valores de cooperación, solidaridade, compromiso e participación
- Consolidar as habilidades sociais

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade
- Dialogar como odo de aroximar as diferenscias sociais, culturais e económicas

C E I P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

- Construir un pensamento propio
- Fortalecer a autonomía para analizar, valorar e decidir

**Comunicación lingüística**

- Coñecer termos  e conceptos propios da área
- Exercitarse en escoitar, na expresión e na argumentación

**Comptetencia de aprender a aprender**

- Estimular as habilidades sociais , o impulso do traballo en equipo, a prticipación e o sus sistemático da argumentación
- Ser capaz de sistetizar ideas propias e alleas, e de presentar de modo razoado o rpopio criterio

C. E. I. P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

**<u>CONTIDOS</u>**

IDENTIDADE PERSOAL

- Identificación das características persoais e dos trazos de identidade (as propias capacidades e necesidades).

- Desenvolvemento  da autonomía persoal e da autoestima (seguridade en si mesmo e en si mesma, autonomía  para a acción, confianza nas propias posibilidades, sentimento de importancia, valoración da historia persoal e das contribucións alleas ás súa construción).
- Análise de situacións  na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. Causas e consecuencias das accións propias (accións que poden  facer sentirse ben ou mal a outras persoas). Responsabilidade polos propios actos. Agradecer, desculparse , presentar unha queixa, aprender a dicir non, aprender a recuperarse  e a responder ao fracaso. A inteligencia emocional.
- Identificación, recoñecemento, verbalización, manexo e control dos sentimentos propios (que me ocorre, por que me ocorre, que podo facer cando me sinto así).
- Valoración da liberdade e da responsabilidade na toma de decisións con criterios de eficacia e de xustiza. Responsabilidade na planificación do futuro inmediato.
- Recoñecemento das difrenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise de medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. A contribución das mulleres ao

longo da historia e á situación actual do mundo. A vida das mulleres galegas no pasado e no presente e as súas achegas á sociedade. Redes de apoio de mulleres. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.

- Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. Características de veciñanza.
- Aplicación de condutas responsables nouso das TIC (autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético) e análise da realidade que presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade de elección crítica e responsable.
- Sensibilización, visibilización e rexeitamento do sexismo, do racismo, da homofobia … dentro da perspectiva da defensa dos dereitos humanos e do respecto á identidade persoal.

C. E. I. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións Didácticas

IDENTIDADE SOCIAL

- Identificación coas colectividades en que se desenvolve a vida do alumnado: escolar, familiar, local, comarcal e autonómica. Recoñecemento das vantaxes que supón pertencer a estes colectivos e das achegas que se poden facer individualmente a cada un deles.
- Importancia do recoñecemento dos dereitos e deberes do alumnado no centro escolar.
- Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todas as nenas e de todos os nenos do mundo, así comoos dereitos das persoas recoñecidos nas declaracións universais, no *Estatuto de autonomía de Galicia* e na *Constitución*. Coñecemento de organizacións que loitan por que eses dereitos se respecten e do traballo que desenvolven.
- Valoración da convivencia pacífica en sociedade e recoñecemento dos valores en que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura da paz. Identificación , recoñecemento e análise de actuacións que posibilitan e que dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.
- Aplicacións de habilidades, de estrategias e de procedementos que contribúen a serrar relacións de entendemento e de convivencia pacífica. Habilidades de comunicación e de relación tanto interpersoais como intrapersoais. Identificación , recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a relación e a comunicación.
- Desenvolvemento da vontade, da flexibilidade e da dispoñibilidade para resolver conflitos. Aplicación do diálogo e da mediación como forma de resolución pacífica dos conflictos.
- Valoración da colaboración e das diferentes posiblidades de traballo cooperativo. Identificación do proceso de toma de decisións de grupo. Identificación e uso dos mecanismos de participación no funcionamento da aula e da escola.

- Aplicación dos valores cívicos e do ejercicio dos dereitos e deberes das situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Valoración da igualdade dentro das diferentas. A diversidade física, social, cultural e religiosa.

- Recoñecementos de costumes, de tradicións e de estilos de vida propios e os das compañeiras e compañeiros. Valoración das celebracións e manifestacións culturais como signos de identidade e de cohesión social.
- Identificación das situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.
- Desenvolvemto de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas mais desfavorecidas.

COMPROMISO SOCIAL

- Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadotas e asumidas polo grupo e pola comunidade.
- Práctica de normas cívicas como por ejemplo as de circulación viaria, e asunción de roles por medio do xogo e da simulación.
- Recoñecemento dos principios de convivencia que establecen o *Estatuto de autonomía de Galicia* e a *Constitución española.*
- Reflexión sobre as características que debe posuir unha sociedade democrática.
- Análise de mensaxes, de declaracións, de imaxes, etc. procedentes de medios de comunicación, de páxinas web, de publicidade … diferenciando información verasz e contrastada de simples opinións persoais.

- Identificación, aprecio, respecto, responsabilidade, coidado e mellora dos bens comúns e dos servizos públicos. Normas de uso e accións que contribúen ao seu axeitado funcionamento.
- Valoración dos impostor como un medio para corresponsabilizarse socialmente.
- Identificación e rexeitamento das casuas que provocan situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.
- Identificación de servizos e de persoas que interveñen en casos de situacións de emergencia (accidentes, lumes, inundacións, terremotos, guerras …) e daquelas persoas e organizacións que contribúen desinteresadamente a mellorar situacións de desvantaxe social, de pobreza, de marxinación, de fame, de explotación da infancia, de

C.E.I.P. Prácticas de Ourense
Programacións didácticas

enfermidade … Busca de formas de apoio a elas e de contribución ao seu funcionamento.

- Reflexión sobre a repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estrategias persoais e colectivas de consumo responsable, de coidado do medio, de prevención de riscos viarios e de promoción de formas de vida saudable.

- Reflexión sobre as posibilidades de cambio nas rutinas individuais para mellorar a calidade de vida.

**<u>AVALIACIÓN</u>**

- Amosar respecto polas difrenzas e caracaterísticas persoais e dos compañeiros e compañeiras. Valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse delas.
- Argumentar e defender as propias opinións, escoltar e valorar críticamente as opinións das demais persoas, amosando unha actitude de respecto e comprendendo que o que se axuíza ou desautoriza son opinións ou actuacións, nunca persoas.
- Participar colaborativamente na elaboración das normas, aceptalas, asumilas como propias e incorporalas aos propios patróns de conduta.

- Reflexionar sobre as normas existentes na comunidade e sobre a súa importancia.
- Familiarizarse con algúns dos dereitos humanos recollidos na *Declaración universal dos dereitos humanos* e na *Convención sobre os dereitos da infancia* e cos principios de convivencia que recollen o *Estatuto de autonomía* e a *Constitución española*. Identificar os deberes máis relevantes asociados a eles. Recoñecer situacións en que non son respectados e participar en iniciativas (reais ou simuladas) de mellora das mesmas.
- Recoñecer e rexeitar prexuízos, situacións de discriminación, de marxinación e de xustiza e interesarse por identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan , así como por atopar posibles vías de mellora para as persoas que as sofren. Valorar a importancia das accións individuais, pero entendendo que se necesitan accións colectivas.
- Identificar o funcionamento dos servizos públicos presentes na vida cotiá do alumnado e a súa relación con diferentes institucións e mais recoñecer a necesidade de que toda a población contribúa ao seu correcto funcionamento, mantemento e mellora a través de comportamentos responsables e solidarios (uso deses servizos, pagamento de impostor …). Por extensión, familiarizarse con outros servizos non tan próximos ao alumnado, pero tamén presentes de maneira directa ou indirecta na súa vida.

C. F. I. P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

- Ser consciente da transcendencia presente e futura de accións habituais na vida cotiá do alumnado e da necesidade de realizalas seguindo pautas que teñen a súa base na reflexión e na análise individual e colectiva deses comportamentos.
- Concienciarse da influencia que poden exercer os medios de comunicación, Internet ou a publicidade nas decisións e opinións das persoas.

**<u>COÑECEMENTOS E APRENDIZAXES BÁSICOS PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA</u>**

- Saber que é  a identidade persoal
- Coñecer que vivimos en sociedade
- Descubrir que vivir en sociedade implica dereitos e obigas
- Tomar conciencia da importancia da hixiene persoal e o aseo no vestido
- Saber cales son os nosos dereitos
- Coñecer por quen e cando foron recoñecidos os Dereitos Humanos
- Coñecemento da proclamación dos Dereitos do Neno, especialmente nos aspectos referidos á necesaria protección e coidados específicos
- Descubrir que obigas implica vivir en sociedade
- Coñecer que todos somos iguais en dereitos e liberdades e que ninguén pode ser discriminado
- Saber que influencia teñen os conflictos na vida social
- Coñecer cmo evitar os conflictos
- Descubrir formas para solucionar os conflictos
- Coñecer as diferencias biolóxicas entre homes e mulleres e a súa igualdade en dignidade, deritos e deberes
- Coñecer modos de facilitar a convivencia e os bos modais na mesa
- Saber que é vivir honsosamente e cumprir a lei
- Coñecer como se pode vivir sen facer dano a ninguén
- Descubrir o importante que é para a convivencia dar a cada quen o seu
- Coñecer que a Constitución é a base de todas as normas legais escritas
- Analizar a función tutelar das leis na sociedade respecto á non descriminación, por exemplo, entre homes e mulleres
- Coñecer como o amor é o que mantén a unidade familiar
- Coñecer os dereitos que un neno ten dentro da familia
- Descubrir que os nenos deben ser preparados para unha vida independente e educados para a paz en igualdade, tolerancia, liberdade e solidaridade
- Tomar conciencia dos deberes dentro da unidade familiar
- Saber que o fundamento da familia é o amor, o respeto e a confianza
- Saber que no colexio adquírense coñecementos e aréndese a convivir de forma cívica
- Descubrir o importante que é a amizade para a vida das persoas
- Coñecer os dereitos e as obrigas que un neno ten dentro do colexio

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas

- Coñecer as normas que regulan a convivencia no colexio
- Saber que é un municipio
- Recoñecer un concello democrático como forma de organización dos municipios correspondentes
- Coñecer como é a composición da corporación municipal do propio municipio
- Coñecer os principais servicios municipais que presta o propio concello
- Tomar conciencia da complexidade de convivencia nos municipios
- Saber que é unha autonomía e cal é o seu funcionamento
- Coñecer como se organiza o Estado español como Estado das Autonomías, o principio regulador de solidaridade entre elas, características e elementos de financiación
- Coñecer como se organiza a comunidade ou cidade autónoma
- Coñecer os servicios que presta a propia comunidade ou cidade autónoma, para favarocer a convivencia, o desenrolo da liberdade e o exercício da cidadanía responsable
- Saber que é un Estado Democrático
- Descubrir cal é a forma de organización do Estado en España
- Coñecer o Estado das Autonomías
- Coñecemento da importancia das normas básicas de circulación vial

C.E.I.P. PRÁCTICAS de Ourense
Programacións didácticas